

# O Xornalouro

Revista Escolar editada no IES Alfoz-Valadouro

Ano XIII. Número 31.

Xaneiro-Agosto de 2010.

## De novo no concurso de debuxo da ONCE CAMPIÓNS PROVINCIAIS



**Aquí temos ó equipo de *Os Relateiros*, que foi o mellor no XXVI Concurso Escolar da ONCE na súa fase provincial: Fabián Díaz, Brais Gómez, Pablo Orol e Jairo Ramos, xunto á súa profesora de Plástica, Paz Quiroga. Os mellores de Lugo.**

Xa é a segunda vez na historia do noso Instituto: un equipo de debuxo é o mellor da provincia de Lugo no Concurso da ONCE.

Como sabemos, a ONCE é unha organización que traballa para conseguir a plena integración na sociedade de diversos colectivos un tanto marxinados, como é o dos cegos. Cada ano organiza concursos escolares con miras a conseguir esta integración e a facer pensar á xente sobre as inxustizas que se cometen habitualmente coas persoas diminuídas. No Curso 2009-2010 o seu concurso de debuxo chegou á súa XXVI edición baixo o lema "superamos barreiras cada día" e os rapaces de 1º da ESO do IES Alfoz-Valadouro dividíronse en equipos de catro para participar na categoría C, que era a que lles correspondía. Entre estes equipos se atopaba o coñecido como *Os Relateiros*, formado por Fabián Díaz, Brais Gómez, Pablo Orol e Jairo Ramos. Quen llo ía dicir? Pois si, foron elixidos os mellores da provincia de Lugo da súa categoría e pasaron, como consecuencia, á fase final para toda Galicia. Un gran mérito para estes catro rapaces, aínda que non son os primei-

ros do noso Instituto en conseguilo, pois xa hai anos outro equipo conseguira igual triunfo. Polo seu mérito no debuxo obtiveron os catro importantes agasallos.

Temos que dicir que neste concurso de debuxo da ONCE participaron, na nosa categoría un total de 67 equipos, con 251 rapaces formándose. Se contamos as catro categorías do concurso, temos que dicir que se presentaron un total de 501 traballos, con 1.778 alumnos participantes, dirixidos por 90 profesores, pertencentes a un total de 40 centros escolares diferentes. Unhas cifras moi elevadas, que nos falan da importancia que está a adquirir este concurso entre os nosos alumnos.

Finalmente só nos queda felicitar dende Xornalouro a Fabián, Brais, Pablo e Jairo polo premio obtido, animalos a seguir debuxando moito e ben e felicitar tamén ós organizadores do concurso de debuxo da ONCE, porque non só están conseguindo o interese dos alumnos e profesores participantes, senón que están tamén levando a cabo un importante labor social.

## Adeus a Álex



### Vaise *O Xefe*

Coa fin de cada curso chega o momento das despedidas en Xornalouro, cando os colaboradores de 4º se van do noso Instituto. Neste Curso 2009-2010 tócalle a Álex Rivera, o único alumno de 4º que facía a nosa revista. Chamábase *O Xefe*, porque, ó ser o máis veterano do Equipo de Redacción e ser único do seu curso, correspondíalle ese honor. Tamén lle correspondía, por antigüidade, ser o encargado de redactar a Editorial de cada número de Xornalouro e, en teoría, levar un pouco a voz cantante no Equipo de Redacción. E, como pasa sempre nestes casos, vennos un pouco de tristeza na despedida, porque xa son moitos anos vendo a Álex nas tardes dos venres (tanto en Xornalouro como noutras actividades do centro) indo dun lado ó outro polo Instituto, organizando cousas, participando noutras... Igual que outros que o precederon na redacción desta revista, non sabemos por onde levarán os seus pasos a Álex no futuro polo mundo dos estudos, pero seguro que calidade non lle falta para chegar a ser un gran xornalista, tal e como se decidiron a selo outros como Bea Yáñez ou Ángel Vizoso. Sexa como sexa, queremos darlle unha emotiva despedida a Álex, desexarlle sorte no Bacharelato e na Universidade e lembrarlle que volva a visitarnos de cando en vez, como é obrigado. E boa sorte tamén na vida, que tamén fai falta. Pero seguro que o veremos en Decembro na estrea da súa peli *Volveremos*. Até sempre.